

# Editorial

Sete é un número máxico. As veces parece que no vindeiro ano será imposible que saia á luz un novo exemplar, pero os que apostamos pola divulgación da cultura, cada ano sacamos forzas renovadas e novos folgos en contra de tantas adversidades patentes. Feito con todo agarimo, aquí está o exemplar nº 7 da revista Os Galos de Bueu.

Neste número, Arturo Cidrás, ademais de centrarnos no noso pasado conserveiro, preséntanos a súa interesantísima páxina web onde recolle todos os datos culturais e artísticos relacionados coa vila. Contamos tamén coa inestimable colaboración de Celestino Pardellas falándonos do proceso histórico que seguiu a propiedade na illa de Ons, tema este como todos sabemos moi controvertido, pero el aporta ademais alternativas para o futuro. Incluímos nestas páxinas ao colaborador Humberto S. Esperón que aborda temas de seguridade marítima, facendo un repaso polas sociedades de clasificación de buques dende a idade media ata hoxe. Xerardo Dasairas aporta tres breves artigos, nun deles dámoslle unha volta á orixe do Museo Massó. Outro trata da primeira armada galega, e o último sobre os costumes dos mariñeiros, segunda parte. Fernando García Lorenzo trasládanos aos inicios do Estaleiro de Carpintería de Ribeira de Bueu.

Todo isto seguido por unha sección literaria que inicia Salva Rodríguez cun artigo sobre Alvaro Cunqueiro, o xornalista. Logo, o escritor buenense Xaime Toxo deleítanos cun diario de bitácora dunha viaxe a Portugal que coma o ano pasado pódese terminar a súa lectura no blogue da asociación (<http://osgalos.wordpress.com>)

A sección poética este ano está representada pola recoñecida poetisa Lucía Novas, tamén de novo por Guillermo Guefael, e aportamos aires lusos con Joao Baptista, un dos socios fundadores da FGCMF.

Rematamos coa nosa habitual homenaxe aos naufragos que este ano nos centra na península do Morrazo. Definitivamente todos os artigos, en prosa ou en verso, nos falan sobre todo do mar, das nosas xentes, dos nosos costumes, dos nosos mariñeiros e dos seus barcos.

**Dirección / Redacción:** Ana Gil

**Colaboradores:** João Baptista,  
Arturo Cidrás, Xerardo Dasairas,  
Luis Davila, Humberto Esperón,  
Fernando G. Lorenzo, Ana Gil,  
Guillermo Guefael, Lucía Novas,  
Celestino Pardellas, Salvador Rodríguez,  
Xaime Toxo


**Deseño e maquetación:** O´Xedas

**Promove:** [osgalosbueu@yahoo.es](mailto:osgalosbueu@yahoo.es)

**ISSN:** 1888-606X

**Depósito Legal:** PO - 459/2006

**Imprime:** Artes Gráficas Rodoprint



## Indice

	Páx.		Páx.
- Os salgadeiros/conserveiros italianos en Bueu.....	1	- Aroma.....	19
- A illa de Ons: Alternativa turística, agrícola, mariñeira...	3	- Dous poemas de amor e un arrepentimento.....	20
- Humor. O Bichero.....	7	- Paseio nocturno a sul.....	21
- Dereitos consuetudinarios e outros costumes.....	8	- O naufraxio do pesqueiro "Tito".....	22
- As sociedades de clasificación de buques.....	12	- A primeira armada galega.....	24
- O xornalismo furtivo de Álvaro Cunqueiro.....	15	- Unha web e un blog.....	26
- As pegadas que deixan os sonhos.....	17	- Marconi e o museo Massó / Barcos de papel.....	28